

Para rematar o curso, gustaríame que interpretarades algunha peza de música galega, pero, como nos quedou o material no cole, vai ser un pouco complicado. **Podedes recoller as cousas de música cando a titora vos indique o día que podedes ir ó centro, xa as deixei preparadas.**

Como non temos a frauta na casa, pero ó mellor tedes algún xoguete ou instrumento no que poidades tocar as notas musicais, ou seguro que vosos pais teñen algún ordenador, móbil ou tablet, a continuación déixovos unha serie de actividades que podedes facer de aquí a fin de curso.

Non vou colgar máis actividades que requiran entrega, xa que considero que son moitas as que hai colgadas. Para rematar podedes enviarme algunha das propostas a semana pasada en torno á muíñeira, ou se conseguídes facer algunha das que vos propono a continuación, ata o día **8 de xuño**. Tamén podedes seguir escribíndome para preguntar dúbidas ou ensinarme o que queirades.

musicasofan@gmail.com

PROPOSTA DE ACTIVIDADES QUE PODEDES FACER ATA FIN DE CURSO


Escribir e tocar unha melodía con “Song Maker”.

- Titorial explicando a actividade → <https://youtu.be/gh93XgGQM-Y>
- Enlace á aplicación para facer a actividade:
<https://musiclab.chromeexperiments.com/Song-Maker/>
- Propóñoche que intentes transcribir as seguintes melodías:

HIMNO GALEGO



WE WILL ROCK YOU




Para Tablet/móbil.

Tocar melodías nun xilófono ou nun piano, descargando a app, “Mi 1er xilófono y piano”. A versión gratuíta trae varias melodías coñecidas para aprender.




Experimentar tocando diferentes instrumentos e melodías descargando a app “Walk Band” (a versión gratis na Play Store).



E QUE PASA COA FRAUTA?

Se recuperades a fruta, recoméndoos que descarguedes a seguinte aplicación (dispoñible para móbil, tablet e ordenador, pero é necesario descargar o programa ou a app). Cando entredes, dádlle a “ejecutar versión limitada”, xa que a versión gratuíta permítevos practicar 4 niveis, que nos chega de sobra! O importante neste curso era aprender a soplar correctamente, pero fai tanto que non nos vemos que non sei como andará iso!

Tedes que aceptar os permisos do micrófono e ir tocando onde o xogo vos indica. Se tocades desafinado porque tapastes mal un burato, moi forte, moi suave, moi longo ou moi curto, non vos deixará pasar á seguinte fase! E isto da respiración e do soplo cóstanos moitísimo! Animádevos, cando recuperades a fruta ou no verán, xa que é moi divertido! Podedes descargala na Play Store ou no seguinte enlace, se tedes ordenador: <https://classplash.de/en/flutemaster/#download>



PARA REPASAR CONTIDOS:

Por último, déixovos este enlace de “aprendomusica”, que xa coñecedes de sobra, pero é importante que sigades repasando as notas e figuras musicais.

<https://aprendomusica.com/index.html>